



O Barco de Valdeorras

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral temporal, a tempo parcial (5 horas diarias) dun/dunha docente para a impartición das tres UC e do módulo de prácticas profesionais non laborais que forman parte do temario do curso do Plan AFD, correspondente a un certificado de profesionalidade de nivel 2, denominado Instalación de Mobles.

Convocatoria para a contratación laboral temporal que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas mediante Resolución de Alcaldía, de data 20 de novembro de 2019:

* Obxecto e denominación do posto:

Contratación laboral temporal dun/dunha docente, mediante a modalidade contractual de servizo determinado, a tempo parcial (5 h/día) e por unha duración de 550 horas -salvo que por causas xustificadas o curso se cancele con anterioridade á data prevista de finalización-, para impartir as tres UC e o módulo de prácticas profesionais non laborais que forman parte do temario do curso do Plan AFD, correspondente a un certificado de profesionalidade de nivel 2, denominado Instalación de Mobles.

* Titulación e requisitos esixidos:

1. Estar en posesión, necesariamente, dalgunha das titulacións especificadas para cada unha das unidades de competencia que se indican a continuación e que forman parte da materia a impartir no curso, de acordo co establecido no Real decreto 1968/2008, do 28 de novembro, BOE do 22/12/2008, e no Real decreto 989/2013, do 13 de decembro (BOE do 06/02/2014):

* UC0163_2: Proxectos de instalación de mobiliario

- Arquitecto/a
- Enxeñeiro/a industrial
- Enxeñeiro/a de montes
- Enxeñeiro/a de materiais
- Enxeñeiro/a en organización industrial
- Arquitecto/a técnico/a
- Enxeñeiro/a técnico/a industrial
- Enxeñeiro/a técnico/a en deseño industrial
- Enxeñeiro/a técnico/a forestal
- Técnico/a superior en produción de madeira e moble
- Técnico/a superior en desenvolvemento de produtos de carpintería e moble.

- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de madeira, moble e cortiza na área profesional de carpintería e moble.

* UC0164_2: Instalacións de mobiliario

- Arquitecto/a
- Enxeñeiro/a industrial
- Enxeñeiro/a de montes
- Enxeñeiro/a de materiais
- Enxeñeiro/a en organización industrial
- Arquitecto/a técnico/a
- Enxeñeiro/a técnico/a industrial
- Enxeñeiro/a técnico/a en deseño industrial
- Enxeñeiro/a técnico/a forestal
- Técnico superior en produción de madeira e moble
- Técnico superior en desenvolvemento de produtos de carpintería e moble.

- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de madeira, moble e cortiza na área profesional de carpintería e moble.

* UC0165_2: Axuste e acabado de instalacións de mobiliario

- Arquitecto/a

- Enxeñeiro/a industrial
- Enxeñeiro/a de montes
- Enxeñeiro/a de materiais
- Enxeñeiro/a en organización industrial
- Arquitecto/a técnico/a
- Enxeñeiro/a técnico/a industrial
- Enxeñeiro/a técnico/a en deseño industrial
- Enxeñeiro/a técnico/a forestal
- Técnico superior en produción de madeira e moble
- Técnico superior en desenvolvemento de produtos de carpintería e moble.

- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de madeira, moble e cortiza na área profesional de carpintería e moble.

Deberase cumprir o requisito da titulación para cada unha das UC.

2. A maiores da titulación, acreditar, segundo se establece nas bases da convocatoria, un ano de experiencia profesional para cada unha das tres UC indicadas.

En defecto da titulación, entón deberase acreditar cinco anos de experiencia profesional para cada unha das tres UC indicadas. No suposto de non posuír a titulación requirida para impartir algunha das UC indicadas, entón poderase participar no presente procedemento de selección sempre e cando se acredite cinco anos de experiencia profesional na UC na que non se posúe a titulación.

Non se admite acreditar esta experiencia requirida con servizos prestados como docente aínda que se impartisen especialidades relacionadas coa carpintería, madeira ou moble, xa que o que se está a pedir é experiencia profesional no ámbito das unidades de competencia que constitúen o curso, non experiencia na ocupación de docente.

3. Xunto coa titulación e a experiencia profesional, requírese ademais acreditar competencia docente, nos termos establecidos no Real decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación (BOE do 21/03/2013).

* Documentación:

- A indicada nas bases da convocatoria que estarán dispoñibles no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello (<https://sede.concellodobarco.org>).

* Presentación de instancias:

- Por calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

- As bases e o anuncio da convocatoria publicaranse no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello (<https://sede.concellodobarco.org>); no suposto de non ser posible publicar as bases no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello o mesmo día que saía publicada a convocatoria no BOP de Ourense, entón o prazo de presentación de solicitudes comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación das bases no portal de transparencia e no taboleiro de edictos electrónico do concello.

O Barco de Valdeorras, 20 de novembro de 2019. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.